

# Aproximación ao campo literario galego a través dos catálogos de *Biblos, clube de lectores*

M<sup>a</sup> DOS ANXOS GARCÍA FONTE

IES de Mugarodos

## 0. INTRODUCCIÓN

Este estudo parte dun traballo realizado no programa de doutoramento interuniversitario *Literatura e construción da identidade na Galiza*<sup>1</sup> no que, a través da descrición e análise dun dos catálogos de *Biblos, clube de lectores* (concretamente o de novembro-décembro 2005), se facía unha reflexión sobre o funcionamento do campo literario galego. Posteriormente, decidín completalo examinando practicamente todos os catálogos, que amablemente me foron facilitados pola empresa responsable, para comprobar se as conclusións ás que chegara podían seguir manténdose e para engadir novos datos que puidesen resultar de interese para esta aproximación á literatura galega desde a teoría dos campos literarios de Pierre Bourdieu. Deste xeito examinei un total de 20 catálogos, desde o primeiro correspondente a marzo-abril de 2003 ata o último de xullo-agosto de 2006.

*Biblos, clube de lectores* é unha empresa de difusión cultural con máis de tres anos de existencia. Edita un catálogo que fai chegar por correo aos seus subscritores, a *Revista Galega de Información Literaria*, onde se ofrecen libros en galego e portugués, ademais doutros bens de consumo cultural como música e cine.

Esta iniciativa é novidosa no panorama do comercio cultural galego, aínda que a súa efectividade está suficientemente avalada noutros países occidentais (estou pensando na súa semellanza co Círculo de Lectores que funciona noutros espazos culturais do noso ámbito).

<sup>1</sup> O traballo foi realizado dentro do curso «As nocións de campo literario e literatura nacional no estudo das relacións literarias» impartido polos profesores Antón Figueroa e Laurence Malingret.

Escollín precisamente este obxecto de estudo porque un sinxelo catálogo de venda de libros por correo ofrécenos moitísima información acerca de como está funcionando o campo literario nun momento e lugar concreto. A partir da súa análise pódense extraer unha gran variedade de datos: literarios, económicos, políticos, sociais... é dicir, os axentes que teñen que ver coa produción literaria. Bourdieu advirte no seu ensaio *Choses dites* da necesidade de relacionar o texto literario coa complexa rede de elementos e circunstancias que o fan posible:

A teoría de campo leva efectivamente a rexeitar, por unha parte, o poñer directamente en relación a obra coa biografía individual (ou a clase de orixe), e, por outra, a refutar a análise interna da obra ou mesmo a análise intertextual, é dicir o relacionar entre elas un conxunto de obras. Porque todo iso haino que facer conxuntamente. Propoño que existe unha correspondencia bastante rigorosa, unha homoloxía, entre o espazo das obras consideradas nas súas diferenzas (segundo o modo de intertextualidade) e o espazo dos produtores e das institucións de produción, revistas, editoriais, etcétera (Bourdieu, 1987:174).

Por unha parte podemos contemplar o catálogo como unha escenificación do campo literario, pero por outra, tentarei describir a posición do propio catálogo dentro do universo cultural galego e a súa relación con outros campos como o campo de poder, o campo económico e o campo social.

## 1. METODOLOXÍA

Vou tentar seguir o método de análise das obras culturais que Pierre Bourdieu publicou co nome de «Le champ littéraire»<sup>2</sup>, aínda que de agora en diante o citarei pola tradución en galego, publicado como libro co nome de *O campo literario*<sup>3</sup>. Reproduzo unha pasaxe deste importantísimo traballo de Bourdieu para que sirva de introdución e guía do camiño que quero iniciar:

A ciencia das obras culturais supón, logo, tres operacións necesarias e necesariamente unidas. En primeiro lugar, a análise da posición do campo literario (etc.) no seo do campo do poder, e da súa evolución no decurso do tempo. En segundo lugar, a análise da estrutura interna do campo literario, universo sometido ás súas propias leis de

<sup>2</sup> Bourdieu, P. (1991). «Le champ littéraire», *Actes de la recherche en sciences sociales*, 89, 3-46.

<sup>3</sup> Bourdieu, Pierre, *O campo literario*, Noia (Galicia), Edicións Laiovento, 2004 [1991].

funcionamento e de transformación, é dicir a estrutura das relacións obxectivas entre as posicións que ocupan nel individuos ou grupos en situación de competencia pola lexitimidade. Por último, a análise da xénese do *habitus* dos ocupantes destas posicións, é dicir os sistemas de disposicións que, ao seren produto dunha traxectoria social e dunha posición dentro do campo literario, atopan nesa posición unha ocasión máis ou menos propicia para actualizarse (Bourdieu, 2004: 25).

Para poder levar a cabo este programa, faise necesario enmarcar a literatura e a cultura galega en xeral formando parte da periferia dun estado periférico. O obxecto do noso estudo áchase inmerso nun medio cultural e social moi marcado pola situación de diglosia que desde hai seis séculos polo menos se está librando entre o galego, lingua propia de Galicia e cooficial no territorio da comunidade autónoma desde 1981, e o castelán, lingua oficial do estado español. Teremos en conta, polo tanto, os estudos que explican o funcionamento dos sistemas literarios emerxentes, as características dos textos literarios en situación de diglosia, a importancia da literatura na configuración das identidades nacionais e o carácter heterónimo dos campos literarios emerxentes nestas circunstancias. Se poñemos en relación a aparición e desenvolvemento da literatura galega co contexto cultural europeo, resulta sorprendente a similitude dos factores que inflúen na aparición e influencia das literaturas emerxentes europeas a partir de finais do século XVIII, como constata Itamar Even-Zohar neste fragmento que reproducimos:

Nos casos alemán, italiano, búlgaro, servo-croata, checo, e seguramente mesmo no caso do grego moderno, a «literatura» resultou practicamente indispensable para a creación das nacións respectivas. En cada un deles, un grupo pequeno de persoas, que chamaría «axentes socio-semióticos», coñecidos baixo denominacións diversas, como «escritores», «poetas», «pensadores», «críticos», «filósofos» e outras parecidas, produciron un enorme número de textos coa finalidade de xustificar, sancionar e fundamentar a existencia, o interese e a pertinencia das entidades desexadas: as nacións alemana, búlgara, italiana e outras. Ao mesmo tempo preparan os textos e os nomes en principio destinados a xustificar a súa causa (Even-Zohar, 1994:369).

Isto é evidente nos textos literarios (e non literarios) escritos en galego desde o Rexurdimento ata a Guerra Civil. En que medida segue ocorrendo? Imos comprobar se a análise do catálogo de *Biblos* pode achegarnos unha resposta.

## 2. DESCRICIÓN E INTERPRETACIÓN DOS CATÁLOGOS DE *BIBLOS*, *CLUBE DE LECTORES*

Os catálogos teñen unha estrutura básica que se repite, mais non dunha maneira rigorosa como veremos. Hai unhas seccións fixas como a reservada ao clube, que sempre ocupa as primeiras páxinas, onde atopamos a «Carta aos lectores», anuncio de novidades relacionadas co desenvolvemento do clube e co resultado das súas iniciativas culturais, as ofertas e a promoción da colección *Mandaio*, editada polo propio clube; outras como narrativa, poesía, teatro, infantil e xuvenil, portugués e música aparecen sempre pero non na mesma posición nin co mesmo número de páxinas. O ensaio, por exemplo, atopámolo ás veces cun espazo propio como no número de setembro-outubro de 2004 e outras entrando en epígrafes como «historia ensaio», «banda deseñada, historia e ensaio», «lingua e ensaio». Algúns catálogos aproveitan este epígrafe para colocar libros das máis variadas temáticas, como ocorre no de xullo-agosto de 2004 onde atopamos na mesma páxina de «literatura e ensaio» *A cidade das mulleres* de Cristina de Pizan, un *Dicionario galego*, *La cocina de Picadillo y Pardo Bazán* e *Santiago, para conoçerte y no olvidarte*. A poesía ás veces, ao ter unha oferta moi reducida, aparece xunto co teatro baixo a etiqueta «poesía teatro». Outras seccións que adoitan incluírse, mais non de maneira fixa son «coñecer Galicia», «banda deseñada» e «cinema».

O apartado reservado ao clube co que se inician todos os catálogos resulta sumamente interesante posto que nel atopamos expresado claramente o *ideario* da empresa: os seus obxectivos, as accións culturais organizadas por eles en colaboración con outras institucións, oficiais ou non, con obxecto de completar e dar sentido á mera oferta de libros e o desexo de ser visibles socialmente a través dos medios de comunicación. Con respecto a isto último, observamos, por exemplo, que nos catálogos de *Biblos* van aparecendo rostros populares que axudan a promover a revista concedendo entrevistas, animando á lectura e consumo cultural galego ou participando nos actos organizados pola empresa: escritores (Xosé Carlos Caneiro, Suso de Toro) actores (María Bouzas, Luís Tosar), cineastas (Pepe Coira, Carlos Amil), políticos (Xosé Luís Barreiro). A escenificación dun campo cultural galego e a vontade de facelo visible é patente en moitas das iniciativas que se anuncian desde as páxinas do clube:

- «Falamos entre nós»: xuntanzas de escritores galegos e portugueses.
- Homenaxe a Francisco Taxeiras no teatro Rosalía de Castro.
- Convocatoria do Premio de Narrativa *Biblos*-Pazos de Galicia.
- Colaboración co Premio Frei Martín Sarmiento de literatura infantil.
- Edicións propias: a colección *Mandaio*, que integra títulos de narrativa, teatro, ensaio e poesía.

- Concurso de monólogos en galego en colaboración coa Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Económicas de Santiago.
- Colaboración co Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra e presentación no mesmo dunha edición propia: a tradución de *Fedorenta unha meiga porcallenta* grazas ao traballo conxunto coa Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo.
- Acordo co programa da Radio Galega «Diario Cultural» para publicar entrevistas con escritores na revista.
- Incorporación á revista de Dolores Vilavedra e Uxía Senlle como críticas de literatura e de música respectivamente.
- Performance no aeroporto de Lavacolla coa participación de coñecidos axentes culturais disfrazados de viaxeiros extravagantes que puxeron en escena un texto dramático de Gustavo Pernas.

Outro aspecto interesante é o dos medios de difusión que se utilizan. O primeiro número chegou masivamente e gratis a moitos fogares de Galicia entre as páxinas da edición dominical do diario La Voz de Galicia. No seguinte número anúnciase a posta en funcionamento da páxina web do clube a través da que se poden facer subscricións e pedidos. No número de setembro-outubro dese mesmo ano (2003) coméntase que a Consellaría de Educación da Xunta de Galicia divulga o proxecto nos centros educativos. No de maio-xuño de 2004 anúnciase a posta á venda da revista nos quioscos para acadar unha maior difusión.

- Nesta mesma liña de lograr a máxima difusión do proxecto empresarial de *Biblos*, colaborando en iniciativas que acheguen a literatura galega ao conxunto da sociedade, poderíamos considerar o reparto de balde de dípticos cun relato, unha fotografía e unha breve ficha do autor ou autora nos supermercados dunha coñecida cadea de capital galego.

### 3. DESCRICIÓN PORMENORIZADA DO CATÁLOGO Nº 17

O catálogo que analizarei polo miúdo é o número 17 da *Revista de Información Literaria, Biblos, Clube de Lectores* novembro-décembro de 2005. Trátase dun número especial pensado para a campaña de Nadal e consta de 32 páxinas. A partir dos contidos deste exemplar, que podemos considerar representativos de calquera outro exemplar dos que estudamos, extraeremos a información máis relevante para, a partir dela, facer unha análise do funcionamento do campo literario galego.

Na portada destácanse dúas edicións propias:

- *La mancomunidad gallega*, un ensaio de 1921 escrito por Lois Peña Novo que sentou as bases dos estatutos de Galicia.
- *Meniña de cristal*, a novela coa que a moza Iria López gañou o I premio *Biblos-Pazos* de Galicia.

As páxinas 2 e 3 están dedicadas á promoción de *Meniña de cristal* e do premio de novela *Biblos-Pazos* de Galicia. Entre os argumentos promocionais figura o asesoramento durante o período de creación da novela do prestixioso escritor Xosé Luís Méndez Ferrín, que dedica frases eloxiosas para a autora, con quen aparece nunha fotografía, e para a súa obra.

Na páxina 4 atopamos unha xustificación das razóns que levaron á reedición da obra de Lois Peña Novo, entre as que se destaca o 25 aniversario do actual Estatuto de Autonomía de Galicia. Ofrécese ademais un anaco do primeiro capítulo.

A páxina 5 reparte o seu espazo entre o anuncio dunha nova edición do libro publicado por *Biblos E agora pasa un tren* de Lito Caramés grazas ao patrocinio de RENFE, a presentación da páxina web de *Biblos* e unhas breves reseñas sobre noticias literarias de actualidade firmadas polo crítico Ramón Nicolás.

As páxinas 6 e 7 dedícanse á narrativa. Destácanse as últimas entregas de tres autores galegos –Luís Rei Núñez, Jaureguizar e Antón Riveiro Coello– dos que se ofrecen tamén outros libros publicados. Un lugar secundario ocúpao a oferta de obras diversas: traducións (Kafka, Lampedusa, Nélide Piñón), reedicións de obras de gran éxito (*O lapis do carpinteiro* de Manuel Rivas), edicións facsimilares de obras rescatadas do esquecemento (*Deixe que xa... contos e novelas curtas* e *Don Porrazo. Novela de costumes* de Manuel Vidal Rodríguez; e un pouco descolocada *Rúa Carbón* de Marilar Aleixandre).

Nas páxinas 8 e 9 continúa unha oferta narrativa caracterizada pola diversidade. O espazo máis chamativo ocúpao a tradución ao galego dun dos clásicos do século XX, *Manhattan Transfer*, seguido da reedición doutro clásico da literatura galega, *Merlín e familia*. O resto do espazo é ocupado por diferentes narradores galegos contemporáneos, máis ou menos consagrados, coa excepción de *Pomerania meu amor* da escritora alemana afincada en Galicia Heidi Kühn-Bode.

As páxinas 10, 11, 12, 13 e 14 conteñen unha ampla mostra de literatura infantil e xuvenil de diversas editoriais.

A páxina 15 e parte da 16 están dedicadas á dramaturxia, tanto textos teatrais como estudos sobre o fenómeno teatral. A páxina 15 está reservada practicamente para a primeira incursión no xénero do famoso escritor Manuel Rivas, autor de éxito tanto no sistema literario galego coma no español, coa obra *O heroe*. A páxina 16 reserva un lugar preponderante para a tradución galega de dúas obras do Premio Nobel de Literatura Harold Pinter.

Entre a páxina 16 e 17 temos a oferta de poesía a través de tres editoriais: Espiral Maior, Xerais e Tambo, que depende do servizo de publicacións da Deputación de Pontevedra. Reedicións de obras de autores consagrados como Ramiro Fonte ou Alfonso Pexegueiro, ao lado doutros debutantes coma Elvira Riveiro ou Cecilio Muñoz Abela, este último cunha obra escrita en castelán, *El viento del desierto*.

As páxinas 18 e 19 recollen libros sobre aspectos etnográficos e históricos de Galicia: *Historia dunha aldea galega. Coas mans encol do lume; A olería da Terra Chá. As formas e a cultura da olería tradicional* ou *Colección diplomática do mosteiro de Santiago de Mens; Os castros de Neixón. Boiro, A Coruña*.

A páxina 20 está dedicada ao ensaio, no que se destaca unha colección de ensaios de carácter feminista tanto de autoras e editoriais galegas: *Elas e o paraguas totalizador* de Helena González en Xerais, *A palabra das fillas de Eva* de Teresa Moure en Galaxia como de autoras estranxeiras en edicións portuguesas: *Nem putas nem submisas* de Fadela Amara ou portuguesas *Retratos de mulher* de Silvana Mota Ribeiro. Atopamos tamén traducións ao galego de clásicos coma a obra de Boecio, *Consolación da filosofía*, de Saussure, *Curso de Lingüística xeral*, de Voltaire, *Exame importante de lord Bolingbroke ou a Tumba do fanatismo*.

Na páxina 21 preséntase unha completa colección de guías da natureza de Galicia.

As páxinas 22, 23 e 24 recollen obras moi diversas: historia, ensaio, arte e ecoloxía. Unha destas obras, un ensaio sobre o desenvolvemento industrial en Galicia editado pola Fundación Barrié, está escrito en castelán. Temos tamén unha edición crítica da novela de López Ferreiro *O castelo de Pambre*, e unha tradución de *Idioma e poder social* do sociolingüista valenciano Rafael Ninyoles. A páxina 23 presenta unha selección de libros de conversas con escritores de literatura galega. Na 24 atopamos obras documentais como *A memoria dos homes da vía nos túneles do tempo*, que se acompaña cun DVD, de Rafael Cid, a colectánea de artigos de Fernández del Riego *Sesenta gallegos ilustres. Obra periodística olvidada en «vida Gallega», 1956-1962*, manuais de autoaxuda, actas dunhas xornadas organizadas pola Asociación polo Dereito a Morrer Dignamente en Galicia, o décimo número da revista *Unión Libre* ou obras narrativas en castelán como *Juicio y condena del hombre nuevo* ou *Protagonista de una generación*, estas dúas obras de Edicións do Castro.

A páxina 25 está dedicada á literatura portuguesa, brasileira e africana en portugués: obras de Saramago, Lobo Antunes, Pepetela, en total nove libros.

As páxinas 26 e 27 seguen a ofrecer libros en portugués, pero xa non son textos literarios, excepto dous libros: ensaio, saúde, literatura, política e outros verdadeiramente inclasificables como *Guinness World Records 2006* ou de moi dubidoso interese para o lector galego como *O dereito e os casais*, que informa sobre o marco lexislativo portugués para as relacións matrimoniais e prematrimoniais.

As páxinas 28 e 29 presentan música, fundamentalmente galega, clásica e tradicional, aínda que tamén hai discos portugueses e brasileiros.

Por último, as páxinas 30, 31 e 32 ofrecen películas e curtametraxes galegas, DVD de debuxos con versión galega e películas de animación feitas en Galicia con versión en galego.

## 4. INTERPRETACIÓN DOS CATÁLOGOS

Como indiquei no apartado «Metodoloxía», propóñome facer unha interpretación dos catálogos de *Biblos, clube de lectores* facendo en primeiro lugar unha análise das relacións entre o campo literario galego e o campo de poder e a significación dos catálogos dentro deste xogo de relacións.

En segundo lugar, achegareime á estrutura interna do campo literario a partir dos libros ofrecidos no catálogo analizado polo miúdo e o lugar que ocupan dentro del. O terceiro estadio do estudo centrarase no *habitus* imperante no campo, as regras de xogo que o dominan e que son asimiladas polos participantes.

### 4.1. Análise da posición do campo literario no seo do campo do poder e a súa evolución ao longo do tempo

Proponse unha aproximación ás relacións que a literatura galega mantén co campo do poder desde o seu Rexurdimento no século XIX ata hoxe. Trátase dunha reflexión persoal que intentarei apoiar con citas da bibliografía especializada no tema e das opinións dos propios protagonistas do campo literario expresadas a través da prensa ou dos prólogos dos seus libros.

En primeiro lugar teremos que darlle a razón a Itamar Even-Zohar e afirmar que en Galicia a aparición dun sistema literario propio vai intimamente ligada á articulación dun proxecto político nacionalista:

La nación o identidad francesa, la alemana, la italiana, desde la perspectiva de la cohesión social, son invenciones tardías. Para construirlas se emplearon y movilizaron los recursos ya consagrados por el tiempo, aunque naturalmente ampliados y adaptados a las circunstancias locales. Los textos, producidos con una lengua nueva o nuevamente estandarizada, funcionaron en todos los casos como un destacado vehículo de unificación para gente que, en principio, no se consideraría como «perteneciente a» determinada entidad [...].

En el caso alemán, italiano, búlgaro, servo-croata, checo y quizá incluso el griego moderno, la «literatura» ha resultado punto menos que indispensable para la creación



de las naciones aludidas por esos nombres. En cada uno de los casos, un pequeño grupo de personas, que llamaré «agentes socio-semióticos», popularmente conocidos bajo la denominación de «escritores», «poetas», «pensadores», «críticos», «filósofos» y similares, produjeron un enorme corpus de textos con los que pretendían justificar, sancionar, y sustentar la existencia o lo deseable de ella, el valor y la pertinencia de una entidad creada a la que se aspira –es decir, de la nación alemana, la nación búlgara, la italiana, etc. Al mismo tiempo también ponen en orden el conjunto de textos y nombres que en principio podrían ser útiles a la hora de justificar su causa. [...] Hoy es de común aceptación que no habría existido una nación alemana sin una literatura alemana, que a su vez no podría haberse unificado sin una lengua estandarizada y bien definida. Este «paquete de oferta», consistente en una nación, una lengua y una literatura no era nuevo *per se*. Como afirma Goldstein «Bismark nunca hubiese sido capaz de crear una unidad política si los escritores clásicos no hubiesen establecido previamente una unidad espiritual» (Goldstein, 1920: 20) (Even-Zohar, 1994: 368-369).

Así o constata tamén María Xesús Lama na introdución á edición crítica que fixo de *Cantares Gallegos*:

Como viña sucedendo en toda Europa, os promotores en Galicia do nacionalismo, o noso «provincialismo» segundo a terminoloxía da época, foron unha élite culta procedente da fidalguía e da clase media profesional. Santiago era o centro da vida intelectual e alí vaise conforma-la ideoloxía provincialista en torno a publicacións como *El Idólatra de Galicia* ou *El Porvenir*, dende onde un grupo de intelectuais denunciaban a marxinação económica e culpaban ó centralismo da situación de abandono en que estaba sumida Galicia. Entre eles atopamos persoeiros de certa idade, como Nicomedes Pastor Díaz e X. M. Pintos, que se unían á entusiasta actividade dos máis mozos: Antolín Faraldo, Francisco Añón, Benito Vicetto, Eduardo Chao... Algúns tiveron que fuxir ó exilio a Portugal como consecuencia do fracaso da revolta do 46, mentres os líderes militares eran fusilados en Carral. Tódolos promotores deste movemento foron máis tarde amigos ou coñecidos de Murguía ou Rosalía (Lama, 1995: 15-16).

Seguindo a Anne Marie Thiesse, Antón Figueroa fala tamén de que o proceso de creación dun ideario colectivo no que asentar a construción da nación mediante a literatura e difundido pola escola foi común a toda Europa, aínda que con diferentes matices:

Ese sentimento nacional *espontáneo e perfectamente interiorizado* percíbese facilmente nos pedagogos da nación (tan diversos e tan coincidentes) como puideron ser Herder,

Pidal, Murguía, Arana, Lönrot, Kreutzwald, Milà i Fontanals e moitos outros. Aínda que non todos tiveron a mesma incidencia e resultados, nin esgrimiron xustamente os mesmos motivos, nin tiveron a mesma cobertura política, nin a mesma orixe histórica, nin actuaron en momentos análogos, todos interviñeron en procesos semellantes con metodoloxías comparables (Figuroa, 2001: 84).

Todos estes personaxes tiveron unha enorme importancia no Rexurdimento literario e ao mesmo tempo participaron activamente nas primeiras organizacións políticas que reivindicaban os signos de identidade galega fronte á española. Estes signos de identidade búscanos os intelectuais galegos no pobo, seguindo as propostas do filósofo alemán Herder, como comenta Anne Marie Thiesse:

A impossibilidade de assinalar os fundamentos de un espírito verdadeiramente nacional non permitía escapar ao modelo francés, ate ao desmoronamento da legitimidade cultural na segunda metade do século XVIII e que fez do Povo o fiel depositario do génio nacional. O escritor debe mergulhar no Povo, tornarse seu alumno. Segundo Herder, Shakespeare foi un grande dramaturgo porque a Inglaterra e o Povo inglés eran o verdadeiro obxecto do seu teatro, o mesmo o seu Cesar e o seu Tímon pensam e agem como Británicos. A verdadeira cultura vem do Povo e debe ir ao seu encontro: non debe ser apánigo de uns quantos individuos especializados no requinte debido á educación que receberam (Thiesse, 2000: 40).

Rosalía de Castro expresa esta mesma idea no prólogo a *Cantares Gallegos* e xustifica a súa iniciativa por estar disposta a encarnar, desde ese mesmo momento, o espírito do seu pobo:

Por esto, inda achándome débil en forzas, e n'habendo deprendido en máis escola qu'a dos nosos probes aldeáns, guiada só por aqueles cantares, aquelas palabras cariñosas e aqueles xiros nunca olvidados que tan doçemente resoaron nos meus oídos desd'a cuna, e que foran recollidos polo meu corazón como harencia propia, atrevínme a escribir estos cantares, esforzándome en dar a conocer como algunhas das nosas poéticas costumes inda conservan certa frescura patriarcal e primitiva, e com'o noso dialecto doce e sonoro é tan a propósito com'o primeiro, para toda clase de versificación (Rosalía de Castro, 1995: 126).

A literatura galega do XIX nace como parte dun programa político e ideolóxico coherente que se enfronta ao poder e á cultura oficial: periferia fronte a metrópole, cultura popular fronte a cultura de elite, lingua dialectalizada fronte a lingua estándar, e así continúa ata ben entrado o século XX.

Se pensamos un pouco a historia da literatura galega a partir do Rexurdimento, poderíamos en termos moi aproximados e hipotéticos propoñer o seguinte: a produción literaria en galego xorde estreitamente vinculada a unhas tomas de posición políticas, tomas de posición heterodoxas no campo político español, na medida en que, cun enfoque rexionalista ou nacionalista, reclamaban unha certa autonomía política. Ó mesmo tempo, as tomas de posición implicadas polos textos literarios participaban deste carácter político pola súa temática, mais sobre todo polo feito de escribir nunha lingua distinta do castelán ben asentado en España como única lingua nacional (Figueroa, 2001: 114).

É unha construción en certa forma recíproca porque se ben a nación necesita da literatura, tamén a literatura necesita esa comunidade de intereses comúns que chamamos nación para desenvolverse como sistema autónomo e diferenciado doutros próximos. Todo novo campo literario nace, pois, con este lastre de heteronomía con respecto ao campo político pero, paradoxalmente nace grazas a esta función heterónoma<sup>4</sup>.

Este sistema literario en xerme é sustentado, como di M<sup>a</sup> Xesús Lama, por unha minoría culta que escribe e le os textos nunha lingua sen prestixio ningún pero que pouco a pouco se vai convertendo en lingua literaria grazas a un longo proceso voluntarista e con épocas de ostracismo e retroceso, como os primeiros anos da ditadura franquista. En Galicia, se o nacemento do nacionalismo foi posible, como nos outros territorios de Europa, grazas á ascensión da burguesía, o seu programa nunca foi asumido por esta clase social que nas seguintes décadas de finais do século XIX e principios do XX sentiuse máis identificada co nacionalismo español. Por iso desde as Irmandades da Fala, fundadas en 1916, insítese na necesidade de crear produtos literarios atractivos para este público burgués como o teatro e a novela onde se transmitisen contidos identitarios útiles para a construción nacional (case toda a obra de Ramón Cabanillas pode ser interpretada deste xeito). Por outra parte, non é doado facer chegar ao público os seus produtos culturais se non se dispón dos medios de distribución e propaganda adecuados e, polo tanto lograr que esta literatura de minorías consiga vencer os receos da clase media. Un texto citado por Goretti Sanmartín que me parece elocuente da penuria e ao mesmo tempo da ambición con que traballaban os axentes culturais galeguistas é este que reproducimos a continuación:

Como dixo moi ben un noso amigo ao falar na prensa da publicación «Lar», a nosa empresa é de sacrificio, porque sacrificio e grande é o que vimos facendo para lograr

<sup>4</sup> *Vid.* Figueroa, 2001: 115

que as obras dos nosos escritores enxebres cheguen ás mans dos galegos que aman a súa Terra e a súa Literatura, que pol-o d' agora, forzoso é decilo, son moi contados. Non é pois a nosa unha empresa industrial que vai enriquecerse, senón unha obra patriótica, e pol-o tanto á todos rogamos nos axuden nela: uns cos seus traballos, outros coa súa propaganda, todos co seu interés e o seu amor pol-as letras galegas, pol-a cultura da nosa amada Terra, na seguranza de que se hoxe non outemos utilidade imos en troques sementando para o día de mañán (NE, en González 1925) (Sanmartín, 2002: 62-63).

Segundo Goretta Sanmartín, no período que vai de 1916 a 1936 é frecuente atopar comentarios nos medios nacionalistas que aluden á hostilidade con que as súas actividades e propostas culturais son tratadas na prensa da época. Este período foi dunha grande actividade cultural galeguista na que se intentaron crear canles de difusión cultural adecuadas para a súa causa, porque, debido á hostilidade da que falabamos coas iniciativas culturais galeguistas da prensa existente, resultaba imposible conseguir a difusión que pretendían, como cita a mesma autora:

A prensa galega, ou millor dito a prensa que se publica en Galicia xa que non toda merece a denominación de Galega, era a chamada á realizar esta laboura divulgando, co-a profusión que ten a prensa cotidián, a nosa literatura. Mais nada se pode agardar d' unha prensa que facendo alarde d' unha enorme inconscencia antipatriótica nin siquera cumpre o requisito cortés de acusar recibo dos libros que se lle regalan.

Parece como se quixera matar en froc o actual renacemento da cultura galega. ¡Vano propósito meresciente de censura! (NE, en *Suplemento gratuito de Nós 1*, 1928) (Sanmartín, 2002:60).

Esta hostilidade dos medios de comunicación social existentes coa causa nacionalista, o menosprezo polas iniciativas de recuperación da cultura propia, a precariedade dos medios de comunicación galeguistas e, como consecuencia, a imperiosa necesidade de contar cos instrumentos axeitados para difundir os seus produtos culturais e o seu ideario, son un vello problema que segue candente na actualidade e que aparece de maneira recorrente nas revistas, semanarios, foros e portais de internet. Como di o escritor Bieito Iglesias co seu habitual ton sarcástico na sección «Días soltos» do número 104 de xaneiro de 2006 da revista *Tempo novos*:

Quintana predicou a boa nova do *Estatuto da nación* a 1200 simpatizantes reunidos en Compostela. Débil resposta á campaña hostil da imprensa galega, que se suma á satanización dos nacionalismos periféricos orquestrados desde a caverna madrileña. Se eu me dedicase á política como don Anxo, proporía que eses simpatizantes puxesen cadanseu millón das antigas pesetas (hai créditos e os xuros aínda están baixos) a fin

de constituír o xerme dun grupo mediático: diario en papel, dixital, emisoras... porque aplaudir pouco importa. Xa non chega con manifestarse ou xuntarse para reforzar a moral interna e ver de saír na foto (se o xornal é inimigo capaz que non te saca ben retratado). Os bloquistas de base, e non digamos os dirixentes, han de comprender que a liberación nacional é cara de raio; non todo vai ser cobrar soldos de deputados ou concelleiros e *venga a nós* (*Tempos Novos*, xaneiro 2006: 89).

Precariedade de medios, voluntarismo e compromiso por parte dos axentes culturais, hostilidade por parte da cultura e dos poderes fácticos oficiais, e mesmo prohibición durante os anos máis duros da ditadura de Franco. Para ilustrar estes anos en que o galego foi varrido da vida pública e a literatura en galego reducida ao estéril suspiro costumista, acudimos a un episodio da época ao que fai referencia Ramón Mariño:

...a colección Grial foi prohibida o mes de abril de 1952, logo de publicarse o cuarto volume da serie, que levaba o título de *Aspectos económicos y jurídicos de Galicia*. A orde partiu do propio Juan Aparicio, entón xa Director Xeral de Prensa, que por aquel tempo tamén prohibiu que nos xornais de Galicia se publicasen textos informativos ou outras colaboracións en lingua galega (só se permitirían os versos ou as citas poéticas) e influíu para que tardase catro anos en poñerse á venda a tradución galega de *Da esencia da verdade* de Heidegger, que non puido saír ata 1956. Foi esta actitude hostil das autoridades franquistas a que inspirou a orde gubernativa pola que o 31 de decembro de 1951, no acto de incorporación de Manuel Gómez Román á Real Academia Galega, se prohibiu que se pronunciasen en lingua galega tanto o discurso de ingreso coma a súa resposta, que lle fora encargada a Ramón Otero Pedrayo (Mariño, 1998: 421).

Aínda que as medidas de represión das culturas en lingua non castelá no estado español foron pouco a pouco suavizándose desde os últimos anos da década do 50, a situación non mudou significativamente ata a aprobación da Constitución Española de 1978 e a partir dela do desenvolvemento dos Estatutos de Autonomía onde se recoñecen como cooficiais o galego, vasco e catalán nos seus respectivos territorios e se sinala que os poderes públicos autónomos son os responsables de protexer e promover o uso da súa lingua autóctona na educación, nas institucións e na sociedade en xeral. A Lei de Normalización Lingüística foi aprobada no Parlamento de Galicia en 1983.

O cambio de estatus legal da lingua galega, a súa implantación no sistema de ensino non universitario, a creación dunha radio e unha televisión públicas en galego foron feitos fundamentais para a consolidación do sistema literario galego. A partir

deste momento, a literatura galega deixa de ser un fenómeno marxinal para chegar a unha parte importantísima da poboación: os sectores escolarizados.

Como consecuencia, aparece unha literatura que se adapta ao novo público: literatura infantil, xuvenil, ensáianse novos xéneros populares como a novela policíaca; en definitiva, esténdese e diversifícase, xa non é unha literatura exclusivamente de cenáculo. Porén, as propias inercias sociais e políticas do país impiden que chegue a realizarse como un campo autónomo, o mesmo que acontece con outros campos culturais e mesmo económicos e, dependa nun grao excesivo da subvención pública cos perigos de perda de autonomía que comporta. Neste sentido, paréceme importante citar algunhas das interesantísimas reflexións de Xoán González-Millán:

Cando se fala de literatura nacional ou de discurso literario nacional, termos que a pesar da súa vinculación aluden a realidades distintas, tende a utilizarse como marco de referencia unha hipotética normalidade institucional. Pero se como indicaba nunha nota anterior, a literatura non é senón un conxunto de prácticas sociais específicas, nas que interveñen uns axentes e unhas institucións, entón debe aceptarse que un determinado sistema literario poida amosar un alto grao de normalidade nun dos seus ámbitos e ao mesmo tempo evidenciar deficiencias nalgún dos espazos públicos nos que interveñen e dos que depende para asegurar a efectividade da súa institucionalización. Noutras palabras, o sistema literario pode ofrecer un exhaustivo repertorio de xéneros e doutras formas discursivas e ao mesmo tempo amosar enormes dificultades na súa consolidación como discurso social (González-Millán, 1995: 67-81).

Un caso elocuente de certas carencias é a dependencia do campo literario do campo político e da súa precariedade é o feito de que sexa a Consellaría de Educación a que difunda a revista entre os centros de ensino (páxinas do clube do catálogo de setembro-outubro 2003).

O caso é que a literatura galega renace con esta función heterónoma importantísima que a caracteriza durante anos e que aínda dura, anque na última época a situación cambiase notablemente. [...] Algo que me parece patente é que non se pode en realidade pensar nunha autonomía plena do campo literario en relación co campo político galego sen que este á súa vez dispoña de autonomía real (Figuroa, 2001: 115-116).

No último número da revista *Tempos novos* podemos ler algunhas reflexións interesantes acerca das carencias en materia cultural en Galicia e propostas de cal debe ser o papel dos poderes públicos para impulsar a cultura galega. Na páxina 74 atopamos un artigo titulado: «Para rachar co dirixismo. Reformular as políticas culturais» que reproduce un documento firmado por 104 persoas do campo da cultura:

En concreto, na cultura existe aínda un dirixismo acusado que propicia a súa subordinación aos poderes políticos e económicos, o que vén agravar a situación dun ámbito xa de por si vulnerable e hoxe especialmente degradado. Baixo o dominio da industria cultural e a instrumentación política, relégase ou reprímese o seu carácter transformador e os seus efectos sociais emancipadores, imponse, cada vez máis, o produto de mercado e redúcese a cultura a unha función de entretemento e construción dunha imaxe de prestixio para os poderes, de tal xeito que a produción non comercial queda confinada a un ámbito marxinal ou é utilizada para uns fins alleos que desnaturalizan os seus propósitos e exercen sobre ela un efecto banalizador (*Tempos Novos*, xaneiro 2006: 74).

Na mesma publicación a xornalista e escritora Rosa Aneiros maniféstase deste xeito a cerca do que para ela é unha das eivas dos distintos campos culturais galegos, a falta de implicación empresarial.

A empresa privada debe involucrarse na cultura do país. Neste senso témonos que felicitar pola próxima estrea do *Hamlet* de Luís Tosar e Lino Braxe con maioría de financiamento privado. Isto non afecta só ao eido da produción. A fase de distribución presenta graves carencias que han ser enmendadas se queremos que os produtos cheguen ao público. Se no sector do ocio o investimento realizado en promoción supera xa o custo de calquera produción, non podemos pretender que a cultura galega chegue ao público por intuición. Haberá que investir en publicidade, haberá que crear mecanismos atractivos de conexión cos diferentes públicos, haberá que unir enxeño e orixinalidade para que os nosos libros, películas e discos sexan recoñecibles polo público obxectivo, sometido a un constante bombardeo mediático (*Tempos Novos*, xaneiro 2006: 65-66).

En resumo, a situación actual das relacións entre o campo literario e o campo de poder caracterízase pola escaseza e febleza das empresas culturais autóctonas que apostan pola literatura galega, pola excesiva dependencia das subvencións dos organismos públicos, pola carencia dunha política cultural ambiciosa e a longo prazo que estimule a creación e experimentación e asegure o acceso da poboación aos bens culturais e que dá como resultado, en definitiva, a indefensión do noso campo literario fronte a outros mellor relacionados coas estruturas de poder e información dominantes.

Neste contexto, a empresa cultural *Biblos* supón unha iniciativa moi valiosa de difusión cultural. O obxectivo é achegar a literatura galega e os libros feitos en Galicia, ou que teñen como tema de investigación ou reflexión Galicia, a un público lector amplo.

Propómosche *Biblos clube de lectores*, un proxecto que medrará da man de miles de galegos para rachar coa invisibilidade e marxinación do noso libro, para que teñamos a oportunidade de elexir desde a casa entre os máis de mil títulos anuais que produce a nosa industria editorial (creación para adultos, infantil e xuvenil; historia, economía, ensaio, arte, cómic, viaxes, ocio, cociña, xardín e horta, natureza, etc.), e para poder coñecer tamén as novidades portuguesas (Carta aos lectores, catálogo nº1 de *Biblos*, clube de lectores, marzo-abril 2003).

Nesta primeira carta de presentación non nos debe pasar desapercibida a toma de posición con respecto ao campo social e lingüístico o feito de resaltar entre as entidades que apoian o proxecto *Biblos* a Real Academia Galega e a Mesa pola Normalización Lingüística.

O primeiro catálogo de *Biblos* foi distribuído gratuitamente co xornal de maior difusión en Galicia, *La Voz de Galicia*, o día de maior venda, o domingo. Foi unha excelente maneira de publicitarse e de conseguir un número de subscritores suficiente para manterse. Tres anos despois, o catálogo difúndese tamén por medio de axentes comerciais e nos quioscos de Galicia. En que medida se conseguiría o obxectivo de ampliar o número dos lectores habituais de literatura e libros galegos máis alá das estreitas marxes das persoas directamente relacionadas co mundo da cultura galega ou implicadas nalgunha das organizacións sociais vencelladas ao nacionalismo? Será *Biblos* unha empresa rendible como o é no resto do estado o *Círculo de Lectores* ou seguiremos estando diante dunha empresa feita a base de compromiso e militancia duns pequenos capitalistas ilustrados e altruístas? Unha ou outra resposta será fundamental para determinar se o sistema literario galego vai acadando a súa madurez e gañando autonomía con respecto ao campo do poder.

#### **4.2. Análise da estrutura interna do campo literario a través do catálogo nº 17 (novembro-décembro 2005) de *Biblos, clube de lectores***

O catálogo organiza os libros segundo o xénero ao que pertencen, a lingua en que están escritos, galego ou portugués, (esporadicamente aparece algún libro en castelán mesturado entre os libros en galego) e a idade dos lectores aos que van dirixidos.

Podemos dicir que os xéneros que acaparan unha maior atención son o narrativo e o ensaístico (7 páxinas para o xénero narrativo e 7 para o ensaio, divulgación científica e investigación humanística) mentres que tanto a poesía coma o teatro ocupan un lugar máis discreto, case secundario (unha páxina e media cada un deles). É coñecido que a literatura galega foi durante moito tempo predominantemente lírica e que o cultivo da narrativa e do teatro foi impulsado desde as propias elites nacionalistas como unha necesidade para a normalización lingüística e, ao mesmo tempo, como



un excelente medio para divulgar o seu ideario entre as clases medias. Representa esta distribución no catálogo a tendencia actual da creación literaria en galego? Invertíronse as tendencias do século XIX e boa parte do XX de maneira que nestes momentos se estea a producir comparativamente menos poesía ca narrativa? Non o creo. O que si é certo é que hoxe publícase menos poesía ca narrativa. Algunhas editoriais como Sotelo Blanco deixaron de publicar a súa colección de poesía, mentres que outras como Galaxia fano moi esporadicamente (de feito no catálogo só aparece un libro de poesía desta editorial, *A illa das mulleres loucas*, que leva xa meses no mercado).

A narrativa, en cambio, é o xénero privilexiado polas editoriais, que ven nel o produto máis adecuado para acadar novos lectores, moitas veces a través do sistema de ensino. De aí a importancia que adquire no catálogo a sección de literatura infantil e xuvenil. Efectivamente, a maioría das editoriais galegas ou españolas establecidas en Galicia teñen unha colección de libros dirixidos ao público escolarizado. Hai mesmo editoriais especializadas que publican exclusivamente libros para nenos en edicións moi coidadas tanto no que se refire ao texto coma nas ilustracións e na maquetación como poden ser Kalandraka, Baía Edicións, A Nosa Terra ou OQO. *Biblos* non é allea á importancia que a literatura infantil e xuvenil está acadando no campo literario grazas ao tirón do sistema escolar e dedícalle en cada catálogo un número importante de páxinas, ata converter a esta sección na máis extensa, e mesmo editar un número especial para este tipo de literatura como o «Especial día de Reis 2004».

Unha das moitas teimas que temos en *Biblos* é a de captar aos máis novos para que o futuro do noso idioma, da nosa literatura e, en xeral, da nosa cultura quede garantido (Carta aos lectores do Especial día de reis 2004).

*Biblos* participa tamén no Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra presentando unha tradución, *Fedorenta, unha meiga porcallenta* co seu propio selo editorial e colabora co premio Frei Martín Sarmiento de Literatura Infantil.

Volvendo á hexemonía dos xéneros literarios no campo literario galego, *Biblos* fai a súa particular aposta polo xénero narrativo e, máis concretamente polo mellor valorado dos xéneros narrativos, a novela, coa promoción do Premio *Biblos*-Pazos de Galiza:

BIBLOS CLUBE DE LECTORES, S.L., co propósito de contribuír ao achegamento e a participación das mozas e mozos na cultura galega, e de descubrir aqueles creadores máis novos que poidan ter unha obra de interese necesitada de apoio para a elaboración final e a súa proxección pública, convoca o 2º PREMIO DE CREACIÓN LITERARIA BIBLOS-PAZOS DE GALICIA PARA MOZAS E MOZOS, nesta 2ª edición dirixido á

novela, co copatrocinio de Pazos de Galicia e a colaboración do Consello da Cultura Galega, a Asociación de Escritores en Lingua Galega e a Mesa pola Normalización Lingüística, e de acordo coas seguintes BASES... (*Revista Galega de Información Literaria. Biblos, Clube de lectores*, novembro-decembro 2005: 3).

Neste certame, gañado na primeira edición pola moza Iria López coa novela *Meniña de cristal*, represéntase á perfección a situación do campo literario galego. En primeiro lugar sería interesante comentar quen son os patrocinadores: *Biblos*, unha empresa de distribución cultural, e Pazos de Galicia, unha entidade que agrupa aos hostaleiros que desempeñan o seu labor nestes edificios históricos de gran valor simbólico como vestixios da Galicia tradicional do antigo réxime. En segundo lugar, reparar en quen son as entidades colaboradoras: o Consello da Cultura Galega, unha institución moi ligada ao poder económico e político, a Asociación de Escritores en Lingua Galega e a Mesa pola Normalización Lingüística, asociación que se caracterizou pola súa traxectoria crítica cos poderes establecidos en canto ao fracaso das políticas de normalización lingüística. Cómpre resaltar que o premio que se ofrece é rematar un proxecto de novela nun destes pazos-hoteis co asesoramento dunha figura consagrada da literatura galega, neste caso é nada menos que Xosé Luís Méndez Ferrín, que aparece nunha foto na segunda páxina mirando con orgullo á sorrinte Iria López. Méndez Ferrín apadriña á nova escritora e ao mesmo tempo dálle prestixio ao experimento. O resultado é publicado pola editorial Mandaio, dependente de *Biblos*, nunha edición en galego e noutra en castelán. Por que non unha simple edición na lingua en que foi escrita a novela? Contemplarán a posibilidade de colocar a novela no mercado español para comercializala en toda a península e facer o experimento rendible? Ou trátase dunha edición en galego e outra en castelán para o reducido mercado galego? Non deixa de sorprendeme o feito desta edición dupla nun catálogo en que a presenza de libros en castelán é máis ben anecdótica. Por último, comentarei un detalle que me chamou a atención: no punto 9 das bases para o 2º premio *Biblos*-Pazos de Galicia lemos o seguinte:

O xurado elixirá a obra gañadora, que dará a coñecer a semana previa á do Día da Patria Galega (*Revista Galega de Información Literaria. Biblos, Clube de lectores*, novembro-decembro 2005: 3).

Co cal queda completado o círculo de indicios patrióticos, só ensombrecido pola concesión mercantilista de solapar a obra en galego poñendo a carón a súa versión en castelán para que o público «poida escoller».

Outro aspecto do catálogo que na miña opinión tamén é indicativo do que sucede no campo literario é a importancia que están adquirindo as traducións ao galego de obras relevantes tanto de literatura como de pensamento: *O Gatopardo* de Lampedusa, as *Obras Completas* de Kafka, *A república dos sonhos* de Nélide Piñón, *Manhattan Transfer* de John dos Passos, *Vellos tempos. Festa de aniversario* de Harold Pinter, *A consolación da filosofía* de Boecio, *O curso de lingüística xeral* de Saussure... obras clásicas de todas as épocas que testemuñan o esforzo que se está a realizar para que o público galego poida acceder ás obras fundamentais da cultura occidental sen ter que acudir a traducións en castelán ou en portugués. Iniciativas semellantes poden atoparse na rede como a Biblioteca Virtual ([www.bivir.es](http://www.bivir.es)) que contén obras clásicas da literatura universal traducidas ao galego ou tamén no novo proxecto editorial para traducir ao galego obras actuais da República Mundial das Letras ([www.rinoceronte.es](http://www.rinoceronte.es)). Lembremos que poñer ao día a literatura galega e manter relacións fluídas con outras culturas consolidadas ou emerxentes coma ela mesma foi sempre unha aspiración da intelectualidade nacionalista. Sería interesante estudar que textos se están traducindo, desde que campos e con que intención:

Os editores son axentes económicos e axentes literarios a un tempo, sitúanse entre o campo literario e o campo económico, entre o subcampo de produción restrinxida e o subcampo de gran produción, e no caso galego, como é natural entre campo literario e campo político en sentido amplo. A posición completa oscila segundo a editorial. Pois ben, o feito de importar desde unha posición editorial ou outra implica funcións distintas para o produto importado: máis económicas unhas, máis artísticas outras, máis políticas outras (Figuroa, 2001: 151).

Ao lado das traducións, cómpre sinalar tamén unha discreta oferta de libros en portugués, aproveitando así a proximidade cultural e a afinidade lingüística (o mesmo ocorre nas páxinas de música) aínda que recollida nunhas páxinas diferentes baixo o epígrafe de «portugués». Constatamos que os libros en castelán (catro en todo o catálogo) aparecen mesturados, case disimulados entre os galegos, presentándose como parte do mesmo campo, tratamento moi diferente ao que se utiliza para os libros en portugués.

Por último, quixera comentar a importancia que teñen no catálogo os libros non literarios, senón de divulgación ou de investigación sobre temas que teñen que ver con Galicia: etnografía, historia, lingüística... ás veces máis dedicados ao estudoso ca ao público xeral (p.e. *Colección diplomática do mosteiro de Santiago de Mens*). A razón da inclusión deste tipo de estudos nun catálogo como este, non especializado,

pode deberse a que axudan a conformar nalgunha medida o imaxinario da identidade nacional galega: *Os castros de Neixó; Historia dunha aldea galega. Coas mans encol do lume; Mitos, crenzas e costumes da Raia Seca. A máxica fronteira galego-portuguesa; Idioma e poder social*. Neste sentido interpreto tamén a edición na editorial Mandaio dun libro histórico do galeguismo: *La mancomunidad gallega* de Lois Peña Novo.

Investigación sobre o pasado histórico (e prehistórico) de Galicia, etnografía, reflexións sobre a lingua e a sociedade, recuperación de textos medievais e de escritos políticos do pasado recente que contribuíron a artellar a idea de nación. En Galicia aínda parece necesario fortalecer a identidade nacional, porque fallaron en gran medida os mecanismos polos que habitualmente se transmite: educación, medios de comunicación, escenificacións do poder do estado...e tamén, pero non unicamente, a literatura. Unha longa e laboriosa creación ideolóxica que describe moi ben Anne Marie Thiesse:

A nação nasce de um postulado e de uma invenção. Mas só se mantem viva com a adesão colectiva a essa ficção. As tentativas falhadas são inúmeras. Os sucessos são fruto de um proselitismo tenaz que ensina aos indivíduos o que são, obriga-os a conformarem-se e incita-os a difundir, por sua vez, esse saber colectivo. O sentimento nacional só é espontâneo quando ja está totalmente interiorizado, tem de ser ensinado previamente (Thiesse, 2000: 18).

#### 4.3. Análise do *habitus* dos ocupantes do campo literario

Centrarémonos agora na terceira, e última, operación da nosa análise, a que estuda o *habitus* no campo literario. O *habitus* é un concepto clave na teoría de Bourdieu que implica tanto o que estamos afeitos a ver porque *sempre foi así* e o que estamos dispostos a facer ou a recibir porque *debe ser así*. Son as estruturas interiorizadas que determinan os nosos esquemas de percepción, o noso pensamento e as nosas accións dun xeito inconsciente.

Os factores que interveñen na formación do *habitus* teñen moito que ver coa procedencia do axente (as condicións materiais, sociais e culturais en que se criou e dentro delas, moi especialmente nun país coma o noso con dúas linguas en contacto, a lingua familiar) pero tamén das propias inercias que o campo, ao longo da súa historia, foi construíndo.

O tema da lingua é un dos eixos vertebradores da literatura galega desde o Rexurdimento. Escribir en galego era, e segue sendo, adoptar unha determinada postura ideolóxica. Xoán Manuel Pintos no primeiro libro publicado en galego, *A gaita gallega*, sitúase no camiño reivindicativo e de defensa do galego do ilustrado Frei

Martín Sarmiento ao que invoca e reivindica<sup>5</sup>. Rosalía asume a defensa da lingua ao tempo que denuncia a situación dos desherdados do seu país. Curros arremete contra as clases dirixentes, clama a favor do progreso e atrévese a chamarlle ao galego *cristo das liguas*. Todos eles escriben en galego porque teñen algo moi importante que dicirlles aos galegos e enfróntanse ao reto de transformar unha lingua rural nunha lingua literaria, petando nela ata conseguir unha lingua requintada como Pondal. A maioría dos escritores galegos escribiron algún texto para manifestar o seu amor pola lingua galega e para desbaratar con argumentos de todo tipo as consideracións negativas sobre ela.

Moitos escritores en galego foron tamén escritores en castelán, pero a tendencia actual parece que é o monolingüismo: escritores galegos que loitan por situarse no campo literario galego e escritores galegos que loitan por situarse no campo literario castelán. Ocorre que escritores consagrados no campo literario galego son *exportados* mediante traducións a outros campos. O máis frecuente é que sexan traducidos ao castelán para seren comercializados no estado español e a partir de aí, co apoio dalgún grupo editorial, poidan ser introducidos no mercado internacional, como ocorreu coas obras de Manuel Rivas.

Este tipo de operacións contéplase por parte de moitos lectores e escritores en galego con suspicacia porque na actual situación lingüística en que o galego ocupa aínda un lugar secundario e non se conseguiu desprender da súa carga negativa, poñer á venda con poucas semanas de diferenza, ou con ningunha, o orixinal galego e a tradución ao castelán en Galicia interprétase como unha competencia desleal que axuda a crear a idea de que a lingua literaria por excelencia é o castelán e que unha obra ou un autor non serán verdadeiramente consagrados no campo literario ata que aparezan en castelán. Utilizando unha metáfora futbolística, o campo literario galego corre o risco de converterse nunha canteira do campo literario castelán: a el iranse a buscar autores *promesas*, temas, ambientes exóticos e suxerentes, e mesmo certo sabor lingüístico local que tan fecundo resultou para a lingua literaria castelá desde Pardo Bazán e Valle-Inclán ata Cela, pasando por Torrente Ballester<sup>6</sup>.

Nesta liña de reflexión inclúo o feito de que a novela gañadora do 1º premio *Biblos-Pazos* de Galicia sexa lanzada ao mesmo tempo cá súa tradución ao castelán para ofrecérllela aos subscritores dunha revista de libros en galego.

Outro tema que ten moito que ver co *habitus* do propio campo ao longo da historia e dos axentes que interveñen nel neste momento é o que se entende por literatura galega.

<sup>5</sup> Pintos, Xoán Manuel, *A gaita gallega*, 1981 [1853], Edición facsimilar de La Voz de Galicia, pp.36, 208,209.

<sup>6</sup> *Vid.* Figueroa, 2001: 161.

No século XIX, cando se empezaba a conformar o campo literario galego entendíase por literatura galega practicamente todo o que se escribía sobre Galicia (todo o que tiña como obxectivo crear a identidade nacional) fose poesía ou ensaio, en galego ou en castelán. Algo desa percepción persiste aínda no *habitus* imperante, como nos transmite X. L. Méndez Ferrín no transcurso dunha entrevista incluída entre os artigos do suplemento Babelia do diario *El País* dedicado á literatura e arte en Galicia.

Lo de «éxito» en un sistema literario con tan poucos lectores que puedan leer en su idioma es más que relativo. En las librerías, en la mesa de novedades no hay obras en gallego. En la lista de ventas de los periódicos de aquí, además de las dos columnas de «ficción» y «no ficción», hay una tercera, «galego», en la que están mezclados la narrativa, la poesía, el ensayo y los libros de cocina. Ése es el pensamiento dominante. El escritor gallego es un escritor subalterno (Suplemento Babelia, *El País*, sábado 11 de xuño de 2005, p. 2).

Esta situación, que todos os galegos coñecemos e da que a penas somos conscientes, escenifícase de moitas maneiras, no mesmo catálogo de *Biblos* apréciase certa heteroxeneidade entre o material seleccionado no que parece primar o criterio de tratar temas relacionados con Galicia.

A través das polémicas que aparecen nos medios de comunicación podemos confrontar puntos de vista moi diferentes acerca do que é e debe ser a literatura galega, como neste artigo de opinión a raíz das campañas de promoción de libros a baixo prezo que realizou o xornal *La Voz de Galicia*, primeiro cunha colección de literatura galega e despois con outra de «literatura galega en castelán»:

Ou a literatura non admite clasificacións nacionais, e entón toda obra é parte do mesmo sistema universal e non se pode falar de literatura galega nin española nin chinesa, ou existen campos nacionais voluntariamente construídos con liñas de desenvolvemento autónomas. Só se non se quere falar de termos estritamente literarios ou se desexa indirectamente debuxarlle á literatura galega un teito inferior ó chanzo máis baixo do sistema literario español é posible organizar sen rubor unha campaña propagandística baixo esa estrambótica e falsa sentenza que desexa convencernos de que a mellor literatura en castelán tamén é galega. Non o é non. Son termos que se contradín, un oximorón en estado puro. [...] ou *La Voz de Galicia* fai un descubrimento que deixa á altura do betume a capacidade intelectual de Jameson ou Bourdieu ou doutros autores, ou mente para arrasar no prestixio do noso sistema literario, suprimirlle á literatura en galego a capacidade de constituír un sistema independente e convertela nun subxénero da literatura española (L. Dobao, *Vieiros*: 8/9/2004).

A percepción do campo literario, e polo tanto o *habitus*, depende moito da posición ideolóxica de quen o contemple. Subliñar a súa independencia con respecto ao campo literario español ten moito que ver con mirar desde o nacionalismo a relación de Galicia co estado español. Polo contrario, promover a súa confusión utilizando termos deliberadamente ambiguos (literatura galega/literatura galega en castelán) é mirar a literatura desde o estado centralista que fai concesións ás súas comunidades autónomas. O campo literario «galego» que nos presenta o suplemento *Babelia* que citamos antes ten moi pouco que ver co campo literario galego que recolle *Biblos*. Naquel aparecen ao mesmo nivel escritores monolingües en galego, escritores monolingües en castelán, escritores bilingües e escritores que escriben en galego, pero as súas obras son citadas co título das súas traducións ao castelán, co cal a confusión é máis que notable.

Os axentes do campo literario galego posicionábanse e seguen posicionándose fronte ao campo literario español negándose a funcionar de maneira subsidiaria respecto a este. Ao mesmo tempo advírtese a disposición de buscar novos rumbos e relacións con outros campos literarios considerados culturalmente afíns, como é evidente no interese pola literatura irlandesa ou portuguesa na revista *Nós* e en *A Nosa Terra* e na actitude belixerante do manifesto *Máis Alá* cos escritores galegos que aspiran a triunfar en Madrid escribindo en castelán.

Os vellos non son os que escribiron hai moitos anos, aqueles son os devanceiros. Os vellos son os que escriben hoxe coma se vivisen no antonte dos séculos. E a lei da sucesividade que nos fai respetar ós devanceiros, é a mesma que nos ergue e move para enterrar os vellos en vida, baixo a lousa inmóbil da súa vulgaridade, pola acefalia que supón o desexo de definir co pasado a hora de hoxe. Esta gafuara, de ser leigada a si mesma, debéra irse, por exemplo a Madrid, metrópole peninsular da barbarie civilizada, onde a súa teimosía anti-cronolóxica encadraría moi ben, completando aquel ambiente de inferioridade. Pero é a nosa desgracia que non só fan iso senón que aínda teñen o pretendemento, que en parte conseguen, de pasar por persoeiros da nosa cultura; e isto con outras cousas máis, é o que non pode seguir sendo ([www.galespa.com.ar/m\\_antonio\\_manifesto.htm](http://www.galespa.com.ar/m_antonio_manifesto.htm)).

En 1979 o grupo Rompente, no manifesto *Fóra as vosas suxas mans de Manuel Antonio* reivindica o radicalismo vital, ideolóxico, estético e lingüístico do poeta arousán. Estamos falando dunha postura altamente probable na lóxica do campo que tenderá a reproducirse.

Por outra parte, é evidente no catálogo de *Biblos* que se están dirixindo a un tipo de lector que, ademais de estar interesado na literatura galega e que está disposto a facer un xesto como a subscripción para apoiala, está interesado en todo o que teña que ver con Galicia desde moi diversos puntos de vista e ao mesmo tempo está familiarizado co portugués e sente simpatía polas manifestacións culturais do mundo da lusofonía.

Outro aspecto que merece a pena ser tratado é o da figura do escritor consagrado, sen perder nunca a aura de rebeldía e vangarda, que goza dun gran predicamento entre os escritores máis novos. No catálogo de *Biblos* esta posición ocúpaa sen lugar a dúbidas X. L. Méndez Ferrín no seu papel de asesor e introdutor dunha nova promesa literaria no campo no que el é xa mestre recoñecido, admirado e mesmo temido. Reproducimos un anaco do texto de presentación do libro que aparece no catálogo:

Sobre a relación de autora e titor, Iria salientou a magnífica disposición, a entrega e sensibilidade coa que Ferrín lle fixo as observacións sobre as posibles melloras do texto. E el referiuse á tradición histórica dos colaboradores e citou en concreto o caso de Jules Verne e os máis dun cento de asesores que lle axudaron con *Vinte mil leguas baixo os mares*, aludindo tamén ao seu traballo como docente que o sitúa decote nese plano de axudar aos mozos. «Claro que aquí a relación era moi distinta e mesmo non sei se ao final me fixo caso», engadiu (*Revista Galega de Información Literaria. Biblos, Clube de lectores*, novembro-décembro 2005: 3).

A figura do escritor dunha xeración anterior que exerce de mestre ou guía espiritual, ideolóxico ou estético das xeracións máis novas non é descoñecida no campo galego, pénsese no chamado «patriarca» das letras galegas, Ramón Otero Pedrayo ou na controvertida figura de Ramón Piñeiro. Ferrín asume deste xeito a posición que lle corresponde aos consagrados.

## 5. CONCLUSIÓNS

En Galicia a aparición da literatura en galego a mediados do século XIX vai intimamente ligada á articulación dun programa de recuperación identitaria que acabará por callar nun proxecto político nacionalista a principios do século XX. Desde os seus comezos, a literatura galega funciona como medio de expresión ideolóxica fronte ao poder e á cultura oficial mediante unha serie de oposicións: lingua B fronte a lingua A, periferia fronte a metrópole, cultura popular fronte a cultura de elite.



As elites intelectuais nacionalistas, conscientes da eficacia da literatura na conformación da identidade nacional, impulsarán o cultivo do xénero narrativo e dramático para chegar con facilidade ao público burgués ao tempo que crean revistas de difusión cultural e editoriais propias. Hoxe en día o inicial protagonismo da poesía dentro do campo literario cedeulle o posto á narrativa e ao ensaio nas preferencias editoriais e, é importante sinalalo porque constitúe unha novidade, á literatura dirixida ao público infantil e xuvenil.

A narrativa é o xénero máis promovido polas editoriais por ser un produto idóneo para comercializar a través do sistema de ensino. É tamén digno de resaltar o crecemento do ensaio, froito da investigación en galego en todas as áreas, especialmente nas humanísticas, que en certa medida alimenta tamén un sector de lectores relacionados co sistema de ensino superior.

O crecemento máis espectacular corresponde á literatura dirixida ao público infantil e xuvenil, un tramo de idade especialmente coidado polas editoriais, fundamental para asegurarse ao público do futuro. A literatura galega importa e exporta textos de literatura infantil e xuvenil da que existe unha gran demanda desde o sistema de ensino.

Outra tendencia é a tradución ao galego de obras clásicas da literatura e do pensamento universal, unha das materias pendentes do campo literario galego, xa que para o lector común, o normal era acceder a estas obras a través da tradución castelá, o cal axuda a confirmar o prexuízo de que o castelán é a única lingua de cultura posible para os galegos

Ata remates do século XX, o entramado cultural galeguista caracterízase pola precariedade, a falta de profesionalización dos axentes culturais, a febleza das canles de comunicación co público e etapas de hostilidade e prohibición por parte do poder político.

Co remate da ditadura de Franco e o triunfo do Estado das Autonomías, a situación muda substancialmente: a lingua galega oficialízase nas institucións públicas, introdúcese no sistema de ensino e a literatura experimenta unha notable expansión e diversificación canto a temas, xéneros e mesmo no que respecta ao perfil do escritor en galego. En definitiva, canto o poder político, os medios de comunicación e o ensino usan en parte a lingua galega, o *habitus* referido a ela modifícase sustancialmente.

Porén, nestes 25 anos, e aínda recoñecendo que houbo un cambio positivo, seguen a ser patentes certos signos de debilidade do campo, de *heteronomía*, por diferentes motivos. En primeiro lugar, segue a ser patente a subordinación ao campo político, de maneira que segue funcionando a literatura como medio de construción identitario nacional, pero tamén porque se aprecia unha excesiva dependencia das subvencións públicas. A febleza das empresas culturais autóctonas, pouco autónomas con respecto ao poder político e económico, condiciona o desenvolvemento do cam-

po literario. Se a todo isto lle engadimos a pouca, e en xeral desfavorable, presenza nos medios de comunicación, poderemos entender as dificultades que atopa a literatura galega para consolidarse como discurso social, é dicir, para converterse nunha institución plenamente asumida pola sociedade galega. E estas dificultades quedan en evidencia desde o momento que a empresa *Biblos, clube de lectores* leva a cabo unha serie de iniciativas que dean visibilidade social á literatura galega, como vimos no apartado de descrición e interpretación dos catálogos.

Cómpre tamén resaltar a indefensión do campo literario galego fronte ao campo literario castelán, do que pode ser exemplo a presentación da novela *Meniña de cristal* ao mesmo tempo en galego e en castelán. Actualmente constátase nos escritores galegos unha tendencia ao monolingüismo pero, a carón desta toma de posición, obsérvase tamén a tradución case instantánea dalgúns escritores galegos consagrados (Manuel Rivas, Suso de Toro) e agora tamén de escritores noveis (Iria López) ao castelán, de maneira que acaban funcionando simultaneamente nos dous campos. A tradución ao castelán axuda a darlle prestixio ao escritor en galego, ábreille as portas ao mercado internacional e permítelle ter uns ingresos dignos de mención, o cal é unha evidencia da relación de subordinación que existe entre os dous campos.

O catálogo de *Biblos* participa do *habitus* de que o lector de literatura galega é competente tamén para ler libros en castelán e en portugués.

Persiste o *habitus* de que o lector en galego está fundamentalmente interesado por todos os temas que teñen que ver con Galicia, como se pode extraer da oferta variadísima, dentro do denominador común «Galicia» e, polo tanto, segue vixente a idea de que a literatura e os libros en xeral escritos en galego teñen que educar o sentimento identitario.

A figura do escritor consagrado cumprindo un papel de mestre dos novos escritores, referente literario e ético, interprétoa tamén como un signo da precariedade do campo, impensable noutros campos de gran tradición e profundamente consolidados nas súas respectivas sociedades.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Aneiros, Rosa, «Contra o minifundismo cultural» en *Tempos Novos*: número 104, xaneiro de 2006.

Bourdieu, Pierre (1987): *Choses dites*. Paris: Les Éditions de Minuit.

Bourdieu, Pierre (2004) [1991]: *O campo literario*. Noia (Galicia): Edicións Laiovento.

- Even-Zohar, Itamar (1994): «La función de la literatura en la creación de las naciones e Europa». In D. Villanueva (ed.), *Avances en teoría de la literatura: Estética de la Recepción, Pragmática, Teoría Empírica y Teoría de los Polisistemas*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 357-377.
- Figueroa, Antón. (2001): *Nación. Literatura, identidade. Comunicación literaria e campos sociais en Galicia*. Vigo: Edicións Xerais.
- González-Millán, Xoán (1995): «Do nacionalismo literario a unha literatura nacional. Hipóteses de traballo para un estudio institucional da literatura galega», *Anuario de Estudos Galegos 1994*, 67-81.
- Lama López, María Xesús (ed.), Rosalía de Castro (1995) [1863]: *Cantares gallegos*, Vigo, Editorial Galaxia.
- López Dobao, X. Antón: «Eppur si muove» en [www.vieiros.com](http://www.vieiros.com): 8/9/2004.
- Antonio, Manuel e Cebreiro, Álvaro (1922): *Manifesto Máis Alá*, [www.galespa.com.ar/m\\_antonio\\_manifesto.htm](http://www.galespa.com.ar/m_antonio_manifesto.htm) .
- Mariño Paz, M. (1998): *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Editorial Sotelo Blanco.
- Pintos, Xoán Manuel, *A gaita gallega*, (1981) [1853]: Edición facsimilar de La Voz de Galicia.
- Revista de Información Literaria, Biblos, Clube de Lectores* novembro-décembro de 2005.
- Sanmartín, Goretti. (2002): *Lendo nas marxas. Lingua e compromiso nos paratextos (1863-1936)*. A Coruña: Editorial Espiral Maior, Colección Universitas.
- Pereiro, X.M.: «Xosé Luís Méndez Ferrín: La literatura en Galicia está máis avanzada que la sociedad» en Suplemento Babelia, *El País*, sábado 11 de xuño de 2005, p. 2.
- Thiesse, Anne Marie (2000): *A Criação das identidades nacionais*, Lisboa, Editorial Temas e Debates, Colecção Memórias do mundo.
- VV AA, «Para rachar co dirixismo. Reformular as políticas culturais» en *Revista Tempos Novos*: número 104, xaneiro de 2006.